



Concello de Burela

DECRETO ALCALDÍA N° 96/2011

Visto o expediente tramitado ao efecto para a contratación, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, da prestación do servizo complementario de axuda no fogar do Concello de Burela.

Detectado un erro na cláusula vinte e cinco, apartado k) dos Pregos de cláusulas administrativas e particulares, de tal xeito que deberá eliminarse o parágrafo relativo a "*Faise constar expresamente que os adxudicatarios teñen a obriga de facerse cargo do persoal que os actuais adxudicatarios adscribiron ó servizo de axuda no fogar no concurso anterior*".

Visto o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común que establece que as Administracións públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, aprobado por real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e demais disposicións legais aplicables.

Pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, a cláusula vinte e cinco apartado k) dos pregos de cláusulas administrativas e particulares, **eliminando a referencia a** "*Faise constar expresamente que os adxudicatarios teñen a obriga de facerse cargo do persoal que os actuais adxudicatarios adscribiron ó servizo de axuda no fogar no concurso anterior*".

SEGUNDO: Aclarar que a valoración do prezo (cláusula 12 dos pregos), realizarase outorgándolle o máximo de puntos á oferta economicamente máis vantaxosa, distribuíndose a puntuación para o resto de ofertas de forma proporcional, mediante a aplicación de unha regra de tres.

TERCEIRO: Publicar no Perfil do Contratante anuncio da presente corrección de erros.

Burela, 16 de febreiro de 2011

